

CONVOCATORIA E BASES PARA CONCESIÓN DE AXUDAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DO CONCELLO NA ANUALIDADE 2018

A Concellería de Deportes do Concello de Soutomaior, sendo consciente das dificultades dos deportistas de modalidades individuais para progresar na súa formación integral e para participar en distintas competicións, propón a convocatoria de axudas para a promoción e difusión do deporte e para impulsar a práctica deportiva.

As bases reguladoras da concesión destas axudas establécense de conformidade co disposto na Lei 38/03, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/07, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

PRIMEIRO.- OBXECTO

O obxecto da presente convocatoria é establecer os criterios que regularán a convocatoria do programa: Axudas para deportistas individuais do Concello de Soutomaior, **anualidade 2018**.

Terán a consideración de deportes de carácter individual todos aqueles deportes que, segundo a súa regulamentación, son practicados por un ou dous deportistas como máximo.

SEGUNDO.- DESTINATARIOS/AS

Os/as que participen en competicións deportivas oficiais tanto de carácter provincial, galego, estatal como internacional e manteñan na data de presentación de solicitudes a súa actividade competitiva oficial e federada.

Os/as aspirantes terán que cumprir os seguintes requisitos:

Estar empadroado no Concello de Soutomaior antes do **01-01-2018**

- Estar federado no período para o que se solicita a axuda e na data de solicitude da mesma dentro da modalidade que practiquen.
- Estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica, así como estaren ao corrente das obrigas coa Seguridade Social.
- Os establecidos no artigo 13 da Lei xeral de subvencións e aplicables no presente caso.
- Non estar cumprindo sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.

As axudas reguladas nas presentes bases concederanse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

TERCEIRO.- CONTÍA E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A dotación orzamentaria total da presente convocatoria é de 5.500,00 €, distribuídos segundo o establecido no punto sexto das presentes bases.

O importe da axuda individual farase coa seguinte fórmula:

$5500 \times \text{Puntuación individual} / \text{Puntuación total dos solicitantes}$

(A puntuación individual final establecece polos puntos obtidos multiplicados polo coeficiente do deporte)



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

O máximo por deportista non poderá superar o 12% do orzamento total

CUARTO.- DOCUMENTACIÓN, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

As solicitudes presentaranse, no Rexistro Xeral do Concello ou ben a través dos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Así mesmo, tamén poderán presentar a súa solicitude electrónicamente a través de <http://soutomaior.sedelectronica.es/>

Cando os deportistas sexan menores de idade as axudas terán que ser solicitadas pola nais, pais ou o titores.

Data límite para a presentación de solicitudes: 1 mes, contado a partir do seguinte á publicación da convocatoria no BOPPO.

Cada deportista só poderá optar a unha única axuda, independentemente do número de modalidades deportivas que practique.

As solicitudes (Anexo I) virán acompañadas da seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI.
- b) Certificado orixinal de empadramento do concello de Soutomaior.
- c) Declaración xurada das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas polo solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas (nacionais ou estranxeiras) para o financiamento da actividade para a que se solicita a axuda (Anexo IIA).
- d) Declaración xurada de non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario da subvención conforme ao disposto no art. 13 da Lei xeral de subvencións. (Anexo IIB).
- e) Declaración xurada de estar ao corrente das obrigas coa Axencia Tributaria autonómica, coa facenda galega e coa Seguridade Social. (Anexo IIC)
- f) Fotocopia compulsada da licenza federativa que deberá estar vixente.
- g) Memoria deportiva do ano **2017**, indicando o carácter de cada competición onde se participou (provincial, galego, estatal ou internacional).

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas.

A concorrencia ao proceso de concesión das axudas implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei orgánica 15/99, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a tramitación do expediente correspondente.

QUINTO.- PROCEDEMENTO

Unha vez presentada a solicitude revisarase a documentación achegada. No caso de estar incompleta ou conter erros, requiriráselles aos/ás solicitantes que no prazo de dez días hábiles, acheguen os documentos preceptivos, con indicación de que se transcorrido o prazo non o fixeran, procederase ao arquivo da solicitude.

A avaliación das solicitudes realizaras unha comisión de valoración, constituída con tal fin e terá a seguinte composición:

Presidente: O Alcalde do Concello de Soutomaior ou a persoa en quen delegue.



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

Secretari@: A Secretaria do Concello de Soutomaior

Vogais: A interventora do Concello de Soutomaior e una técnica deportiva da Concellería de Deportes do Concello de Soutomaior

Unha vez valoradas todas as solicitudes por parte da Comisión de Valoración, proporáselle a concesión das axudas á xunta de goberno do Concello, quen resolverá.

O prazo máximo para resolver e notificarlles aos interesados/as a resolución do procedemento, será de 1 mes contados a partir do día seguinte hábil ao de finalización do prazo para a presentación de solicitudes.

Transcorrido o citado prazo sen que se adopte resolución expresa, entenderase desestimada.

A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada se no prazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte hábil ao da notificación da resolución non renunciaran a ela expresamente mediante escrito dirixido á Concellería de Deportes.

SIXTO.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os resultados a valorar deberán cinxirse exclusivamente á modalidade deportiva para a que se solicita a axuda e na que o/a deportista teña a correspondente ficha federativa. De acordo co punto segundo das presentes bases, puntuarase a participación nas competicións provinciais, galegas, estatais e internacionais no período que vai desde o día 1 de xaneiro de 2017 até o 31 de decembro do mesmo ano, segundo o seguinte baremo:

- A.- Participación en cada proba oficial de ámbito Mundial (50 puntos)
- B.- Participación en cada proba oficial de ámbito Europeo (40 puntos)
- C.- Participación en cada proba oficial de ámbito Nacional (30 puntos)
- D.- Participación en cada proba oficial de ámbito Galego (20 puntos)
- E.- Participación en cada proba oficial de ámbito Provincial (10 puntos)

Coefficientes deporte:

Deporte	Coef.
Automovilismo	1.40
Ciclismo-Deportes Inercia	1,30
Artes Marciales	1,00
Tiro	1,10
Piraguismo-Remo	1,30
Vela	1,50
Esqui N.	1,20
Atletismo	1,00
Ximnasia	1,00

Aos deportes non especificados seralle adxudicado o seu coeficiente pola comisión de valoración tomando como base os gastos de material empregado na práctica deportiva.

Aos deportistas paralímpicos aumentaráselle no coeficiente do seu deporte 0,50

SÉTIMO.- RESOLUCIÓN, PUBLICIDADE E RECURSOS

A resolución porá fin á vía administrativa e contra ela os/as interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano no prazo dun mes desde a notificación, ou ben alternativamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados dese o día seguinte á referida publicación.

A resolución do procedemento non se fará pública, de acordo co punto 3, apartados c) e d) do artigo 18 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

OITAVO.- PAGAMENTO DAS AXUDAS

O pagamento das axudas farase nun único pagamento previa presentación dos gastos xustificadas con:

- **Facturas orixinais** (ou fotocopias debidamente compulsadas), ou certificados de pago relacionados coa actividade realizada no seu caso **correspondente o ano en curso (2018).**
- Acreditación do gasto realizado (como mínimo o importe da axuda) , é dicir, que foi efectivamente pagado, podendo acreditarse mediante copia da transferencia/as bancaria efectuada, ou recibo de pago sempre que no mesmo conste: pagado, data, firma e selo da empresa
- Certificado orixinal da conta bancaria, na que necesariamente figurará o solicitante (se é menor de idade a conta pode estar a nome do pai da nai ou do titor)
 - **A xustificación da axuda poderá realizarse ata o 30 de novembro do ano en curso.**

Non haberá posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e aboamentos a conta da axuda concedida.

As axudas estarán suxeitas ás retencións fiscais obrigatorias

NOVENO.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS/AS:

O/a beneficiario/a estará obrigado/a a facilitar a información que lle sexa requirida polo Concello de Soutomaior e polo Consello de Contas de Galicia, someténdose á responsabilidade e ó réxime sancionador establecido na Lei Xeral de Subvencións, e no seu caso, ó disposto no vixente Código Penal.

Estarán obrigadas a sinalar en todo tipo de publicidade que realicen das actividades de que se trate, que estas contan co financiamento do Concello, na indumentaria levará o escudo do Concello así como a expresión: "Colabora o Concello de Soutomaior".

DÉCIMO.- CONTROL E REVOGACIÓN DA SUBVENCIÓN.

O Concello de Soutomaior resérvase o dereito a orientar tecnicamente as actividades, a comprobar os datos económicos así como a supervisar a efectiva realización delas, e a entender e dar a coñecer publicamente as actividades subvencionadas.

O Concello de Soutomaior poderá revogar nos seguintes casos:

1. Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o impedirán.



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

2.Incumprimento total ou parcial do obxectivo da actividade a subvencionar.

3.Incumprimento das obrigas de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado primeiro do artigo sete da presente Base.

4.Resistencia, escusa ou obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control.

O ALCALDE,

Documento asinado dixitalmente á marxe.


DILIXENCIA.- Exténdese, como secretaria, para facer constar que as presentes bases, para a concesión de axudas a deportistas individuais anualidade 2018, asinadas dixitalmente por min, **foron aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de maio de 2018**

A SECRETARIA

Documento asinado dixitalmente á marxe.



Concello de Soutomaior
Rúa Alexandre Bóveda nº 8
36691 - Soutomaior - Pontevedra



SOUTOMAIOR

Reservado selos internos

SOLICITUDE XERAL

SOLICITANTE

Nome e apelidos ou razón social			DNI/CIF	
<input type="text"/>			<input type="text"/>	
Enderezo: / Rúa / Número			Teléfono: Fijo / Móvil	
<input type="text"/>			<input type="text"/>	
Municipio	Provincia	Código postal	E-mail	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

REPRESENTANTE

Nome e apelidos			DNI	
<input type="text"/>			<input type="text"/>	
Enderezo: / Rúa / Número			Teléfono: Fijo / Móvil	
<input type="text"/>			<input type="text"/>	
Municipio	Provincia	Código postal	E-mail	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

ACREDITA REPRESENTACIÓN: Si Non

SITUACIÓN (SE PROCEDE)

Expón:

Que sendo deportista individual do Concello de Soutomaior

Solicita:

Unha axuda segun a convocatoria para a concesión de axudas para deportistas individuais do Concello de Soutomaior

Documentación que se achega:

Fotocopia DNI-Certificado Empadronamento-Licencia Federativa-Declaracións xuradas anexos A-B-C-Memoria Deportiva ano 2017

Soutomaior, a _____

ANEXO II/A

Convocatoria de concesións de axudas para deportistas individuais do Concello de Soutomaior - Anualidade 2018

DECLARACIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS OU PERCIBIDAS POR PARTE DOUTAS ENTIDADES PÚBLICAS OU PRIVADAS

Don/a _____ DNI
núm. _____

DECLARA:

Que para a mesma actividade NON foi concedida subvención algunha doutras Administracións Publicas ou Privadas para o mesmo fin

E para que conste e surta os efectos oportunos expídese o presente en

Soutomaior , a _____ de _____ de 2018.

Asdo: _____

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR

ANEXO II/B



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

Convocatoria de concesións de axudas para deportistas individuais do Concello de Soutomaior - Anualidade 2018

DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSO EN CAUSAS DE INCOMPATIBILIDADE OU INCAPACIDADE PARA PERCIBIR SUBVENCÍONS OU AXUDAS DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Don/a _____ DNI
núm. _____

DECLARA:

Que non está incurso/a en causas de incompatibilidade ou incapacidade para percibir subvencións ou axudas da Administración Pública conforme ao disposto no Art.13 da Lei xeral de subvencións

Soutomaior , a _____ de _____ de 2018.

Asdo: _____

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR

ANEXO II/C



Convocatoria de concesións de axudas para deportistas individuais do Concello de Soutomaior - Anualidade 2018

DECLARACIÓN DE ESTAR AO CORRENTE DAS OBRIGAS COA AXENCIA TRIBUTARIA

Don/a _____ DNI
núm. _____

DECLARA:

Que está ó corrente coas súas obrigas tributarias coa AXENCIA Tributaria Autonómica, coa Facenda Galega e coa Seguridade Social.

O mesmo tempo, autorizo ó Concello de Soutomaior para obter as certificacións da Axencia Estatal e Autonómica da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que acredite que estou ó corrente nas súas obrigas tributarias.

Soutomaior , a _____ de _____ de 2018.

Asdo: _____

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR